



CAMPO DE VOLUNTARIADO “ESGOS” (ESGOS-OURENSE)

DATAS	IDADES	ÁMBITO	MODALIDADE	PRAZAS
15-26/08-2020	18-30	Autonómico	Etnográfico	12

LOCALIZACIÓN

A actividade realizarase nos arredores do Albergue de Vilar de Ordelles, na vila de Vilar que pertence ao concello de Esgos, na provincia de Ourense. Esgos é un pequeno concello que se asenta nun val próximo aos últimos estribos do Macizo Central. É unha zona con multitude de ríos e regatos que moven as pedras dos muíños.

A diversidade de rutas de sendeirismo, infraestruturas hoteleiras, piscinas municipais ou infraestruturas arquitectónicas propias da zona (peto de ánimas, Castro dos arcos, Os Cabaceiros) fan de Esgos un concello cunha importante infraestrutura turística.

A paisaxe é dunha enorme beleza, destacando os afloramentos graníticos e o espeso arboredo, que crean escenas fantásticas ambientadas con vellos carballos e castaños. A isto podemos engadir a súa boa localización xa que está nas entrañas da Ribeira Sacra o que fai que a zona se poida ofertar como unha gran alternativa para descubrir e gozar a natureza en liberdade nun ambiente tranquilo, rural e fermoso, ideal para o descanso e desconexión da rutina diaria.

O acceso ao albergue pódese facer tanto en coche como en autobús, tomando a estrada de Trives (OU-536), tomando o desvío á esquerda na vila de Tarreigo.

NOTA: este campo non dispón de accesos para persoas con discapacidade físicas.



DESCRIPCIÓN DO CAMPO

É un campo de voluntariado etnográfico que porá ás persoas voluntarias en contacto coa "Ribeira Sacra ourensá", baseada no coñecemento da historia de Esgos en particular e de Galicia en xeral. Un aspecto importante neste campo de voluntariado será a recompilación fotográfica do pasado de Esgos, contos e lendas aínda vivas contadas polas nosas avoas e avós. Con todo este material farase unha exposición fotográfica e un documental.

Con todo este material audiovisual montarase unha exposición permanente no "Centro Cultural Parada Justel".

ACTIVIDADES COMPLEMENTARIAS

Piscina, tiro con arco, carreira de orientación, deporte e xogo tradicional, descubrimento de Esgos, visita ás termas de Outariz en Ourense, visita a un forno de leña tradicional, olería Niño da Guía, veladas, obradoiros...



NOTA: estas actividades complementarias son orientativas e estarán suxeitas a modificacións derivadas do propio desenvolvemento do campo.

COMO CHEGAR

Tanto de Santiago de Compostela coma de Lugo, pódese viaxar por estrada en bus (www.monbus.es) ou en tren ata Ourense.

Para chegar dende Vigo a Ourense, o servizo de autobús préstao tamén a compañía www.monbus.es. Tamén se pode facer o traxecto en tren.

ALOXAMENTO E MANUTENCIÓN

Os e as voluntarias aloxaranse no albergue xuvenil de Esgos, que dispón de 30 prazas.
<https://goo.gl/maps/iJJeCHurmSS2>



CAMPO DE VOLUNTARIADO “ESGOS” (ESGOS-OURENSE)

INCORPORACIÓN

O primeiro día ás 16:00 h ou ás 20:00 h na estación de autobuses de Ourense. Para coordinar os traslados, é imprescindible comunicar por correo-e a hora de chegada.



COTA

CENTO DEZ (110 €) euros. As persoas posuidoras do carné xove, título de familia numerosa ou familia monoparental, OITENTA E DOUS EUROS E CINCUENTA CÉNTIMOS (82,50 €).

DEVOLUCIÓN DA COTA

Devolverase a cota no caso de suspensión da actividade.

Cando se produza un ingreso hospitalario ou outra causa médica grave, que afecte á persoa e lle impida incorporarse ao campo de voluntariado. Esta causa debe acreditarse cos informes médicos pertinentes e/ou do hospital no que se atopara ingresado o/a interesado/a.

Por falecemento ou enfermidade grave dun familiar ata o 2º grao. Esta causa debe estar acreditada con informes médicos e/ou do hospital onde se atope ingresado o familiar, ou con certificado de defunción, de ser o caso.

EQUIPO ACONSELLABLE

- Útiles de aseo persoais. Toallas.
- Saco de durmir e unha pequena mochila para rutas.
- Zapatos ou botas de montaña.
- Roupas de abrigo, chubasqueiro e roupa impermeable.
- Roupas de traballo, roupa deportiva, calzado deportivo e traxe de baño.
- Guantes de traballo e gorra.
- Lanterna e cantimplora.

- Protección solar.



DOCUMENTACIÓN

Todas as persoas participantes deberán levar o seu documento de identidade e a tarxeta sanitaria.

SEGURO

Todas as persoas participantes dispoñen dun seguro que cobre os accidentes que se poidan producir durante a actividade e a responsabilidade civil que deles se poida derivar.

CONTACTOS

Dirección Xeral de Xuventude, Participación e Voluntariado. Tel.: 981 957 115

camposdetraballo.xuventude@xunta.gal

INFORMACIÓN ADICIONAL

www.xuventude.net. Portal da D. X. de Xuventude, Participación e Voluntariado da Xunta de Galicia con toda a información sobre campos de voluntariado, ocio e tempo libre, actividades, formación...

www.ourense.es. Información sobre a cidade de Ourense, transportes, accesos...

www.concelloesgos.com. Información sobre o Concello de Esgos (situación, turismo, transportes, accesos...)